O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XORNADA DE ORACIÓN POLAS VÍTIMAS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO

13 de novembro de 2026

Queridos irmáns e irmás:

O vindeiro 13 de novembro reunirémonos na Colexiata de Santa María da Coruña para orar polas vítimas de accidentes de tráfico. Lembraremos ante o Señor aos que perderon a vida e acompañaremos ás súas familias, así como ás persoas que seguen sufrindo as consecuencias dun sinistro. Invítovos a participar nesta oración e a renovar o noso compromiso de coidar a vida de quen comparte connosco rúas e estradas.

Diríxome especialmente a quen perdestes a unha persoa querida. A súa ausencia faise sentir nos xestos máis sinxelos de cada día, nas conversacións e nos momentos que antes compartiades. Cando a morte chega de forma repentina e todo cambia de xeito tan doloroso, pode resultar difícil expresar o que se leva dentro, mesmo atopar palabras para orar. Queremos estar preto de vós, escoitarvos e rezar convosco, tamén cando só nos sae gardar silencio.

No Evanxeo, Xesús sae ao encontro de Marta e María despois da morte do seu irmán Lázaro. Escoita as súas palabras, conmóvese ante a súa dor e chora polo seu amigo. Nas súas bágoas recoñecemos a proximidade do Fillo de Deus, que comparte o noso sufrimento. A Marta diríxelle unha promesa que tamén nós necesitamos escoitar: "Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá" (Xn 11,25). A morte e resurrección de Cristo sosteñen a nosa esperanza e a nosa oración polos que faleceron. Confiámolos ao amor misericordioso do Pai, coa esperanza de que participen para sempre da vida do seu Fillo.

A esperanza en Cristo resucitado sostennos no medio do dó, tamén cando quedan preguntas abertas, chegan días de tristeza ou custa comprender o sucedido. Cada persoa necesita tempo para afrontar unha perda así. Como Igrexa diocesana de Santiago, estamos chamados a acompañar ese camiño con paciencia. Nas nosas parroquias e comunidades podemos facelo reservando tempo para escoitar, mantendo

o contacto coas familias e lembrando na oración aos seus seres queridos, tamén cando pasaron os primeiros momentos.

Teremos moi presentes aos feridos e a quen vivides con secuelas físicas ou psicolóxicas. Algúns afrontades unha rehabilitación longa; outros tivestes que reorganizar a vosa vida familiar ou laboral, aprender a convivir cunha discapacidade ou recuperar aos poucos a confianza para saír á rúa. Queremos lembrar tamén ás persoas que vos coidan e comparten de preto as vosas dificultades e os vosos avances. O paso do tempo non debe facer invisible a vosa necesidade de atención, de apoio e dunha vida na que poidades participar con dignidade.

Agradecemos o labor dos profesionais sanitarios, dos servizos de emerxencia, da Garda Civil, dos demais corpos policiais e de cantos interveñen para auxiliar ás vítimas. O noso recoñecemento esténdese ás asociacións que acompañan aos afectados e ás súas familias. Coñecedes de preto canto sufrimento pode comezar nuns segundos e canto tempo fai falta despois para atender as súas consecuencias. Grazas pola vosa dedicación e por seguir ao lado de quen necesita axuda para afrontar o ocorrido.

A memoria das vítimas pídenos, ademais, revisar a nosa conduta. A Xornada de Responsabilidade no Tráfico deste ano invitábanos a ser prudentes e sinxelos (cf. Mt 10,16). Ao lembrar aos que morreron ou resultaron feridos, tomamos conciencia de que as nosas decisións ao volante afectan a persoas cunha familia, uns vínculos e uns proxectos de vida.

O coidado da vida compromete tamén ás administracións públicas. A elas correspóndelles velar pola seguridade e o mantemento das nosas vías de comunicación, prestando especial atención aos que están máis expostos. A oración polas vítimas móvenos a asumir, cada un desde a súa responsabilidade, o que podemos facer para evitar tanto sufrimento.

A María, Virxe da Prudencia, que permaneceu xunto á cruz do seu Fillo, encomendámoslle as vítimas e as súas familias. Que vos acompañe no dó e nos axude a permanecer preto de quen necesita consolo.

Que o Señor conceda o descanso eterno aos falecidos, sosteña aos feridos e aos seus familiares, e nos ensine a coidar uns doutros en cada traxecto que percorremos.

Co meu afecto e bendición.



+ Fco. J. Prieto

✠ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela